

Carta Europea das Linguas Rexionais ou Minoritarias

Terceiro informe do Comité de Expertos con respecto a España



Tradución para ProLingua a cargo de M^a Fe González e Manuel Montenegro



**Charter for Regional
or Minority Languages**

De acordo coa visita *in situ* Artigo 16, parágrafo 3 da Carta, o Comité de Expertos da Carta Europea das Linguas Rexionais ou Minoritarias presenta o seu terceiro informe sobre a aplicación da Carta en España ao Comité de Ministros do Consello de Europa. O informe contén propostas de recomendacións para ser dirixidas polo Comité de Ministros a España. Dáselle a oportunidade ao Goberno Español de comentar o seu contido de acordo co Artigo 16, parágrafo 3 da Carta.

A Carta Europea das Linguas Rexionais ou Minoritarias prevé un mecanismo de control para avaliar como se aplica esta nun Estado Parte co fin de, no seu caso, facer recomendacións para a mellora da súa lexislación, política e actuacións. O elemento central deste procedemento é o Comité de Expertos, establecido de acordo co Artigo 17 da Carta. O seu obxectivo principal consiste en examinar a situación real das linguas rexionais ou minoritarias no Estado, informar o Comité de Ministros da avaliación do cumprimento pola Parte dos seus obxectivos e, no seu caso, animar a Parte a ir alcanzando gradualmente un nivel maior de compromiso.

Para facilitar este traballo, o Comité de Ministros aprobou, de acordo co Artigo 15, parágrafo 1, unha guía para os informes periódicos que se require que sexan presentados pola Parte á Secretaria Xeral. O informe debe facelo público o goberno en cuestión. Esta guía require que o Estado dea conta da aplicación concreta da Carta, da política xeral das linguas protexidas baixo o seu Apartado II e, en termos máis precisos, de todas as medidas que foron tomadas na aplicación das disposicións elixidas para cada lingua protexida baixo o Apartado III da Carta. A primeira tarefa do Comité é, polo tanto, examinar a información contida no informe periódico de todas as linguas rexionais ou minoritarias pertinentes no territorio do Estado en cuestión.

O papel do Comité consiste en avaliar as disposicións legais existentes, as regulacións e a práctica real aplicada en cada Estado para as súas linguas rexionais ou minoritarias. De acordo con isto estableceu os seus métodos de traballo. O Comité reúne información das autoridades respectivas e de fontes independentes do Estado co fin de obter unha visión de conxunto xusta e imparcial da situación lingüística real. Tras un exame preliminar do informe periódico, o Comité presenta, se procede, un número de preguntas á Parte en cuestión referidas a temas que considera que non quedan claros ou que se desenvolven insuficientemente no propio informe. A este procedemento escrito séguese, polo xeral, unha visita *in situ* da delegación do Comité ao respectivo Estado. Durante esta visita a delegación réunese con órganos e asociacións que desenvolven un traballo intimamente relacionado co uso das linguas

pertinentes e consulta ás autoridades sobre asuntos que lle chamaron a atención.

Despois de rematar este procedemento, o Comité de Expertos aproba o seu propio informe. Este informe é presentado ante o Comité de Ministros xunto coas suxestións das recomendacións que o último decida enviar á Parte en cuestión.

O galego en Galicia

241. No seu segundo informe de avaliación (parágrafo 208), o Comité de Expertos pedía información sobre o traballo realizado polo Consello Social para a lingua galega.

242. Segundo a información recibida, o Consello da Cultura Galega é o órgano establecido polo Estatuto de Autonomía e regulado pola Lei 8/1983 do 8 de xullo como o órgano consultivo e asesor no eido da cultura. Os membros do Consello son, na súa meirande parte, falantes de galego vinculados aos estamentos lingüísticos e culturais galegos máis importantes. Entre outras, as competencias do Consello residen na protección e promoción dos valores culturais do pobo galego, a promoción da lingua e a cultura galegas e a promoción das actividades culturais. O Consello promoveu diferentes actividades culturais directamente relacionadas coa lingua galega.

2.2.6 O galego en Galicia

Artigo 8 — Educación

Parágrafo 1

No que respecta á educación, as Partes comprométense, no territorio no que se empregan as devanditas linguas e segundo sexa a situación de cada unha destas, sen prexuízo do ensino da(s) lingua(s) oficiali(s) do Estado, a:

a i ofrecer educación infantil nas linguas rexionais ou minoritarias pertinentes;

b i ofrecer educación primaria nas linguas rexionais ou minoritarias pertinentes;

c i ofrecer educación secundaria nas linguas rexionais ou minoritarias pertinentes;

947. No seu segundo informe de avaliación (parágrafos 1031-1036¹), o Comité de Expertos consideraba que os obxectivos se conseguiran parcialmente e animaba as autoridades a informaren sobre o progreso obtido no seguinte informe periódico.

948. Dende a rolda previa de control e a presentación do terceiro informe periódico, leváronse a cabo cambios substanciais na lexislación relacionada coa educación en galego a raíz do cambio do goberno rexional en Galicia en marzo de 2009.

949. No que respecta á educación infantil, o Decreto 124/2007 do 28 de xuño que se menciona no terceiro informe periódico (páxina 474) foi substituído polo Decreto 79/2010 do 20 de maio sobre o plurilingüismo na educación non universitaria de Galicia. O novo decreto revoga a disposición de que o galego se deba usar polo menos na mesma medida que o castelán en áreas onde se fala predominantemente castelán. Segundo o Artigo 5 do decreto, o profesor usará a lingua predominante na aula e tratará de ensinar a outra lingua cooficial aos nenos. As anteriores *Galescolas*, a rede de escolas infantís, agora denominadas *A Galiña Azul*, non seguirán tendo unha orientación de expresión galega para nenos castelán falantes. Ademais, o goberno galego suspendeu a súa estrutura de apoio para un proxecto piloto de educación integral en galego en áreas

¹ Nesta tradución só se manterán as referencias a parágrafos que aparecen neste documento.

urbanas de expresión castelá no que participan 42 escolas infantís públicas e privadas apoiadas con fondos públicos.

950. Segundo a información recibida dos representantes dos falantes e das autoridades rexionais durante a visita *in situ*, de acordo co novo Decreto introducírase o inglés nas escolas infantís cun máximo dun terzo do tempo. O galego ten que ensinárase na mesma medida que o castelán. O inglés ten que ser introducido progresivamente e con carácter voluntario. Ata que iso suceda, o galego e o castelán continuarán sendo as linguas de ensino na mesma proporción.

951. No que respecta á educación primaria e secundaria, o Decreto 124/2007 do 28 de xuño foi substituído polo Decreto 79/2010 do 20 de maio sobre o plurilingüismo na educación non universitaria de Galicia que regula que —na teoría— as materias deben ser ensinadas a razón dun terzo cada unha en galego, inglés e castelán. Este modelo escolar será obrigatorio para todas os centros **escolares** en Galicia. Como sinalan fontes non gobernamentais, os novos Decretos establecen un límite para a educación en galego dun 33%, mentres que os anteriores decretos regulamentaban unha porcentaxe mínima por horas. Tamén amosaron a súa desconformidade co feito de que o novo Decreto estableza que, nos niveis escolares de primaria e secundaria inferior, as materias de ciencias sexan ensinadas en castelán e as materias que tratan o coñecemento do medio, social e cultural en galego. O Comité de Expertos invita as autoridades a tomaren medidas para que a introdución do modelo trilingüe obrigatorio non afecte desproporcionadamente á educación en galego.

952. Segundo os falantes, o Comité de Expertos soubo na súa visita *in situ* que as actuais escolas bilingües debían, en teoría, ensinar o 50% das materias en galego, pero na práctica reducíase a dúas materias.

953. O Comité de Expertos amosa a súa preocupación pola subseguinte redución da educación en galego en todos os niveis, tamén no que respecta á súa estrutura de apoio. Mentres reitera a súa visión de que a presente medida non implica a educación obrigatoria en galego en todos os centros escolares, lémbbralles ás autoridades que un número suficiente de escolas debe ofrecer educación total ou esencialmente en galego aos alumnos cuxos pais así o desexen co fin de cumprir cos obxectivos marcados.

954. En vista do alto nivel de compromiso que implica esta tarefa, o Comité de Expertos considera que debe ofertarse unha educación predominantemente en galego e considera que os obxectivos se cumpriron parcialmente.

O Comité de Expertos insta con firmeza as autoridades a ofertaren educación en galego.

d i ofrecer educación técnica e profesional nas linguas rexionais ou minoritarias pertinentes;

955. No seu informe de avaliación previa (parágrafos 1037-1038), o Comité de Expertos volveu ser incapaz de alcanzar unha conclusión sobre este obxectivo debido á falta de información. Instou as autoridades a especificaren que parte do currículo se ensinaba na actualidade en galego, con referencia aos diferentes centros educativos en cuestión.

956. O terceiro informe periódico expón que polo menos o 50% da educación debe empregar o galego. Segundo o Artigo 9 do Decreto 79/2010, no nivel segundo e terceiro da educación profesional ambos os dous idiomas cooficiais deben usarse no ensino na mesma medida en cada centro. O Comité de Expertos entende que se introduce ademais o inglés como terceiro idioma no ensino. Pídelle á autoridade que proporcione información sobre o impacto que esta medida poida ocasionar no ensino en Galicia.

957. En vista do alto nivel de compromiso que implica esta tarefa, o Comité de Expertos considera que debe ofertarse unha educación predominantemente en galego e considera que os obxectivos se cumpriron parcialmente.

h fornecer a formación básica e permanente dos profesores requirida para aplicar os parágrafos do a ao g aceptados pola Parte;

958. O Comité de Expertos consideraba o obxectivo cumprido no segundo informe de avaliación (parágrafos 1050-1052), aínda que instaba as autoridades a forneceren información sobre as peticións específicas realizadas na primeira rolda de control, en concreto a referida ao nivel de coñecemento de galego que se require para o exame de ingreso, a proporción ou número de profesores que se prepara cada ano para ensinar en galego e a frecuencia e variedade da oferta de formación permanente.

959. Novamente, as autoridades non reaccionaron ás peticións de información específica realizadas polo Comité de Expertos no seus informes previos.

960. No que respecta á formación do profesorado, o Artigo 16 do Decreto 79/2010 expón que as autoridades teñen que deseñar un plan de formación do profesorado coa finalidade de garantir que todos os ensinantes teñen a suficiente competencia oral e escrita para comunicarse e levar a cabo a súa actividade profesional en galego e coñecer a situación de Galicia.

961. O Comité de Expertos considera que este obxectivo se cumpriu.

i crear un órgano de control ou órganos responsables do seguimento das medidas adoptadas e dos progresos realizados no establecemento ou desenvolvemento do ensino das linguas rexionais ou minoritarias e redactar informes periódicos sobre as súas conclusións que se farán públicos.

962. No seu segundo informe de avaliación (parágrafos 1053-1057), o Comité de Expertos consideraba o obxectivo parcialmente cumprido e pedía información máis detallada.

963. No terceiro informe periódico non se proporcionou ningunha información nova con respecto a ningún órgano ou órganos supervisores nin informes de ningún tipo. Os representantes dos falantes cos que o Comité de Expertos se reuniu na visita *in situ* non sabían da existencia do devandito órgano.

964. En ausencia de calquera tipo de información sobre os órganos de supervisión específica no sentido da Carta e da produción e publicación de informes periódicos, o Comité de Expertos debe revisar a súa conclusión previa e considera que o obxectivo non se cumpriu. Insta ás autoridades a ofrecer información a este respecto no próximo informe periódico.

Artigo 9 — As autoridades xudiciais

Parágrafo 1

As Partes comprométense, no que respecta ás circunscricións xudiciais nas que o número de residentes que utilizan as linguas rexionais ou minoritarias xustifique as seguintes medidas específicas e segundo a situación de cada unha destas linguas e a condición de que a utilización das posibilidades ofrecidas polo presente parágrafo non sexa considerado polo xuíz un impedimento para correcta administración de xustiza, a:

a en procesos penais:

i facilitar que os órganos xurisdicionais, a petición dunha das Partes, desenvolvan os procedementos nas linguas rexionais ou minoritarias; e/ou

ii garantir ao acusado o dereito a empregar a súa lingua rexional ou minoritaria; e/ou

iii asegurar que as demandas e as probas, tanto escritas coma orais, non sexan consideradas inadmisibles polo único feito de estar formuladas na lingua rexional ou minoritaria; e/ou

iv producir, previa solicitude, os documentos relacionados cos procedementos legais nas linguas rexionais ou minoritarias pertinentes,

se fose necesario, recorrendo ao uso de intérpretes e traducións que non supuxesen gastos adicionais para as persoas en cuestión:

b en procesos civís:

i facilitar que os órganos xurisdicionais, a petición dunha das Partes, desenvolvan o procedemento nas linguas rexionais ou minoritarias; e/ou

ii permitir que, cando un litigante teña que comparecer en persoa perante un tribunal, el ou ela poida usar a súa lingua rexional ou minoritaria sen que iso lle ocasione ningún gasto adicional; e/ou

iii permitir que os documentos e probas se expresen nas linguas rexionais ou minoritarias;

se fose necesario, recorrendo ao uso de intérpretes e traducións,

c en procesos ante as xurisdicións pertinentes en materia administrativa:

i facilitar que os órganos xurisdicionais, a petición dunha das Partes, desenvolvan o procedemento nas linguas rexionais ou minoritarias, e/ou

ii permitir que, cando un litigante teña que comparecer en persoa perante un tribunal, el ou ela poida usar a súa lingua rexional ou minoritaria sen que iso lle ocasione ningún gasto adicional; e/ou

iii permitir que os documentos e probas se expresen nas linguas rexionais ou minoritarias,

se fose necesario, recorrendo ao uso de intérpretes e traducións;

965. No seu segundo informe de avaliación, o Comité de Expertos considerou que eses obxectivos se cumpriran parcialmente. Instou as autoridades españolas a:

- corrixiren o marco legal coa finalidade de deixar claro que as autoridades xudiciais do penal, civil e administrativo en Galicia poidan desenvolver os procesos en galego a petición dunha parte;
- desenvolveren máis o proxecto de “Provisión Positiva e de Información” iniciado en 2005;
- tomaren as medidas necesarias para aumentar a proporción de persoal xudicial en Galicia en todos os niveis, e particularmente entre os xuíces e fiscais, capaz de empregar o galego como idioma de traballo nos tribunais;
- desenvolveren máis os modelos de formación lingüísticos axeitados tanto para o persoal xudicial coma para os avogados.

966. Tomando como base as observacións realizadas polo Comité de Expertos no seu segundo informe de avaliación, o Comité de Ministros recomendáballes ás autoridades españolas **“tomaren as medidas legais e prácticas necesarias para garantir que unha proporción adecuada do persoal xudicial das comunidades autónomas ás que concirne a aplicación do Artigo 9 da Carta posúen un coñecemento funcional da lingua pertinente” [RecCL(2008)].**

967. O Comité de Expertos refírese aos parágrafos do 72 ao 81 antes expostos para a avaliación xeral da aplicación do Artigo 9.

968. No relativo ao proxecto iniciado en 2005, as autoridades españolas enumeraron algunhas das iniciativas levadas a cabo a este respecto baixo o Plan de Normalización Lingüística, en particular as referentes ao aumento de toma de conciencia e aos programas formativos para persoal xudicial. Ademais, formouse a organización Irmandade Xurídica Galega, composta por máis de 30 avogados e funcionarios que buscan a promoción do uso do galego na Consellería de Xustiza.

969. No relativo ao coñecemento da lingua do persoal, o informe periódico expón que todos os novos postos dentro da Dirección Xeral de Xustiza requiren tanto dun certo nivel de competencia en lingua galega como da participación en cursos sobre linguaxe xurídica. O requirimento aplícase a todos os postos

específicos definidos na nova listaxe de postos de traballos da Lista de Postos de Emprego Público. Ademais, o Real Decreto 1/2008 do 11 de xaneiro considera a comprensión do galego como un criterio nas solicitudes dun posto de fiscal suplente.

970. Durante a visita *in situ*, os representantes dos falantes chamaron a atención do Comité de Expertos sobre os problemas ao redor do uso do galego con Minerva, un software introducido en 2010 entre os xuíces e outro persoal xudicial que prové os modelos usados nos procedementos xudiciais. Ao tempo que o terceiro informe periódico expón que este software facilita os procedementos en galego, reconece que a versión en galego non é completa e que contén menos de 3000 documentos en comparación cos 8000 documentos en castelán.

971. Segundo ONGs coas que o Comité de Expertos se reuniu na visita *in situ*, con Minerva non é posible procesar documentos en galego. Os documentos e leis empregadas de uso común non se traducen. Tamén existen problemas con outros programas informáticos. Durante a visita *in situ*, as autoridades galegas confirmaron que o Minerva era un problema e que estaban tentando solucionalo.

972. Segundo as ONGs expresaron durante a visita *in situ*, os xuíces e os funcionarios teñen que facer eles mesmos as traducións.

973. Segundo o Consello Xeral do Poder Xudicial, 305 dos 5023 xuíces e maxistrados de España teñen un coñecemento certificado de galego.

974. Baseándose na información a disposición do Comité de Expertos e a pesar dalgunhas dificultades prácticas referentes ao Artigo 9, parágrafo 1. a ii, iii, iv — b ii e iii, c ii e iii, o Comité de Expertos conclúe que estes obxectivos se cumpriron. Os obxectivos do Artigo 9, parágrafo 1. a i; b i; c i seguen a estar parcialmente cumpridos.

O Comité de Expertos insta as autoridades españolas a:

- *corrixiren o marco legal para deixar claro que as autoridades xudiciais do penal, civil e administrativo en Galicia poidan desenvolver os procesos en galego a petición dunha parte;*
- *tomaren as medidas necesarias para garantir, cando sexa pertinente, que as partes dun procedemento son especificamente informadas da obriga que as autoridades xudiciais en Galicia teñen de desenvolver os procedementos en galego se unha parte así o pide, de conformidade cos*

obxectivos asinados por España baixo o Artigo 9, parágrafo 1. a.i, 1.b.i. e 1.c.i da Carta;

- *tomaren as medidas necesarias para aumentar a proporción de persoal xudicial en Galicia en todos os niveis, e particularmente entre os xuíces e fiscais, capaz de empregar o galego como idioma de traballo nos tribunais;*
- *desenvolveren modelos de formación adecuada tanto para persoal xudicial coma para avogados.*

Parágrafo 3

As partes asumen facilitar os textos estatais estatutarios máis importantes nas linguas rexionais ou minoritarias, agás que se proporcionen doutra maneira.

975. No seu segundo informe de avaliación, considerouse que este obxectivo se cumpriu parcialmente. Algúns dos textos estatais legislativos máis importantes anteriores a 1998 non se traduciran e a tradución de novos textos requiriu tempo.

976. As autoridades españolas non achegaron ningún tipo de información no que respecta á aplicación desta medida no terceiro informe periódico. Segundo a información recibida dos representantes dos falantes durante a visita *in situ*, nos dous últimos anos as leis non se traduciran ao galego e/ou non están dispoñibles en formato electrónico.

977. O Comité de Expertos, polo tanto, considera que este obxectivo permanece parcialmente cumprido. Insta as autoridades a achegaren a información que falta no seguinte informe periódico.

Artigo 10 — Autoridades políticas e servizos públicos

Parágrafo 1

Nas circunscricións administrativas do Estado nas que o número de residentes falantes das linguas rexionais ou minoritarias xustifiquen as medidas que figuran a continuación e segundo a situación de cada lingua, as Partes comprométense, na medida na que sexa razoablemente posible, a:

a i garantir que as autoridades administrativas empreguen as linguas rexionais ou minoritarias;

978. No seu segundo informe de avaliación, considerouse que este obxectivo se cumpriu parcialmente. Aínda que semellaba que o coñecemento dunha lingua cooficial era un requisito previo para contratar ou nomear un funcionario nunha oficina da administración do Estado, o Comité foi informado de que na práctica eran na súa meirande parte castelán falantes, que había falta de formación e que o aumento na toma de conciencia da posibilidade por parte dos cidadáns de usar o galego tiña que organizarse.

979. O terceiro informe periódico (páxina 492 e ss.) resume con detalle o grao de emprego do galego nos ministerios do Estado, nos órganos de Estado da administración local e nos institutos dependentes con respecto ás formas estandarizadas, tamén nos rotulados exteriores e interiores dos edificios, nos folletos informativos, nas campañas de publicidade, na accesibilidade a páxinas web, nas solicitudes e respostas recibidas en galego, no material institucional impreso e no persoal con coñecemento do galego. Así e todo, non se achega sempre a información de cada un destes puntos dentro de cada órgano ou ministerio, o que volve a dificultar a avaliación.

980. No tocante aos rotulados dos edificios con oficinas, a información obtida revela unha satisfacción xeral, aínda que desigual con respecto a algunhas oficinas. No tocante á accesibilidade ás páxinas web dos ministerios e dos órganos da administración estatal, a información estática e o primeiro nivel de navegación está normalmente dispoñible en galego e é posible ata un terceiro nivel de navegación en varios sitios web.

981. No tocante ao persoal con coñecemento de galego, un certo número do mesmo ten coñecemento de galego, aínda que non son moitos os que se desenvolven con comodidade nel.

982. Baseándose nos datos ofrecidos polo terceiro informe periódico, a media da porcentaxe das peticións presentadas en galego a estes órganos é sorprendentemente baixa. O número de respostas redactadas en galego é razoable.

983. A formación lingüística para funcionarios continúa impartíndoa o Instituto Nacional da Administración Pública e o Goberno de Galicia.

984. Aínda que semella que se conseguiu certo progreso dende a rolda previa de control, o uso do galego non se garante sistematicamente, senón que máis ben depende da localización e do tipo de oficina. A tradución parcial e a publicación de información significan que as prestacións do galego seguen sendo desiguais. Os datos sobre o uso escrito e oral do galego suxiren que os falantes ou ben non son conscientes dos seus dereitos, desanimados a

empregaren o galego, ou ben non están afeitos a dirixirse ás oficinas en galego. Non semella existir unha política integral ou unha aproximación estratéxica para analizar o estado dos feitos actuais en conxunto nin un plan máis sistemático de provisión de documentos e de suficiente persoal cun coñecemento adecuado do galego. O Comité de Expertos anima as autoridades a proporcionaren recursos suficientes ao Consello das Linguas Oficiais do Administración Xeral do Estado para levar a cabo esta tarefa.

985. Aínda recoñecendo algúns avances positivos, o Comité de Expertos é do parecer de que isto non leva a un cumprimento deste obxectivo e, polo tanto, mantén a súa conclusión previa de que está aínda parcialmente cumprido.

b facilitar amplamente formularios e textos administrativos para a poboación nas linguas rexionais ou minoritarias ou versións bilingües;

986. No seu segundo informe de avaliación, o Comité de Expertos considerou que este obxectivo non se cumprira e instaba as autoridades españolas a tomaren as medidas necesarias para asegurar que as versións bilingües de textos administrativos e formularios moi usados fosen accesibles en todas as oficinas administrativas do Estado en Galicia.

987. Da información contida no terceiro informe periódico, a produción e tradución de textos e documentos administrativos en galego varía dependendo do ministerio ou consellaría en cuestión. En xeral, non son accesibles moitos dos formularios administrativos. Segundo fontes non gobernamentais, só son accesibles catro formularios en galego e existe falta de formularios, especialmente na Axencia Tributaria.

988. Baseándose na información recibida, o Comité de Expertos considera que o obxectivo se cumpriu parcialmente e insta as autoridades a continuaren cos esforzos por facer accesibles en galego textos administrativos e, especialmente, formularios.

c permitir ás autoridades administrativas redactar documentos nunha lingua rexional ou minoritaria;

989. No seu segundo informe de avaliación, o Comité de Expertos volve considerar este obxectivo só cumprido formalmente e insta as autoridades españolas a faceren observacións sobre este obxectivo específico no seu seguinte informe periódico.

990. Da información contida no terceiro informe periódico, os documentos redáctanse por algúns ministerios e consellerías en galego, aínda que en medida variable. Os carnés de conducir e de identidade expídense en formato bilingüe.

991. Baseándose nesta información, o Comité de Expertos considera o obxectivo cumprido.

Parágrafo 2

No que respecta ás autoridades locais e rexionais en cuxos territorios exista un número de residentes falantes das linguas rexionais ou minoritarias que xustifique as medidas que figuran a continuación, as Partes comprométense a permitir e/ou fomentar:

a o uso das linguas rexionais ou minoritarias no marco da administración rexional ou local;

b a posibilidade de que os falantes das linguas rexionais ou minoritarias presenten solicitudes orais ou escritas nestas linguas.

992. O Comité de Expertos considera estes obxectivos cumpridos no seu segundo informe de avaliación, a pesar dalgunhas deficiencias prácticas (no que respecta ao subparágrafo b).

993. Segundo as probas presentadas polos representantes dos falantes, as autoridades galegas e institucións que delas dependen reduciron o emprego do galego nas mensaxes institucionais.

994. A Lei 2/2009 do 23 de xuño mencionada máis abaixo no parágrafo 1001 pode ter un efecto directo negativo no uso do galego no marco das autoridades locais e rexionais, xa que relaxa a proba de coñecemento do galego na contratación do persoal administrativo.

995. Segundo os representantes das autoridades rexionais cos que o Comité de Expertos se reuniu durante a visita *in situ*, as autoridades rexionais traballan maioritariamente en galego. O coñecemento do galego é un requisito para obter un posto de traballo.

996. Durante a visita *in situ*, os representantes das autoridades galegas informaron ao Comité de Expertos dunha nova “Rede de Dinamización Lingüística” para autoridades locais á que estas poden unirse de xeito voluntario. O obxectivo é coordinar a promoción do galego. Case 100 concellos se uniron xa a esta rede. Porén, segundo fontes non gobernamentais, as

autoridades galegas anunciaron en setembro de 2011 a supresión da axuda pública para a promoción da lingua galega.

997. O Comité de Expertos considera que os obxectivos seguen a estar cumpridos.

Parágrafo 3

No que respecta aos servizos públicos proporcionados polas autoridades administrativas ou outras persoas que actúen no seu nome, as Partes comprométense, no territorio no que se empregan as linguas rexionais ou minoritarias, de acordo coa situación de cada lingua e na medida en que sexa razoablemente posible, a:

a garantir que as linguas rexionais ou minoritarias se empreguen na prestación do servizo;

998. No seu segundo informe de avaliación, o Comité de Expertos volve a non poder concluír se o obxectivo se cumpriu, xa que carece de información específica. Polo tanto insta ás autoridades a fornecer a información pertinente no seguinte informe periódico. Seguindo como base as observacións realizadas polo Comité de Expertos no seu segundo informe de avaliación, o Comité de Ministros recomendou que as autoridades españolas **“garantan a presenza de todas as linguas rexionais ou minoritarias non servizos públicos pertencentes ao Estado”** [RecCL(2008)5].

999. Non se ofrece información concreta a este respecto no terceiro informe periódico. Segundo a información das organizacións non gobernamentais, os servizos públicos ofrecidos pola administración rexional proporcionan os servizos en galego, pero os servizos prestados por empresas privadas que actúan en nome das autoridades non teñen en conta, polo xeral, as linguas rexionais ou minoritarias.

1000. O Comité de Expertos considera que o obxectivo se cumpriu parcialmente.

Parágrafo 4

Co fin de aplicar as disposicións dos parágrafos 1, 2 e 3 por elas aceptados, as Partes comprométense a adoptar unha ou máis das seguintes medidas:

b contratación e, no seu caso, formación dos funcionarios e outros empregados necesarios para os servizos públicos;

1001. Considerouse que este obxectivo se cumprira parcialmente a nivel estatal e a nivel da Comunidade Autónoma de Galicia no seu segundo informe de avaliación. Tomando como base as observacións realizadas polo Comité de Expertos no seu segundo informe de avaliación, o Comité de Ministros recomendoulles ás autoridades españolas **“revisar os esquemas de contratación, orientación e formación do persoal das oficinas de administración do Estado co fin de garantir que unha proporción adecuada de persoal pertencente ás comunidades autónomas teña un coñecemento funcional da lingua pertinente”** [RecCL(2008)5].

1002. No que respecta á administración baixo a competencia da Comunidade Autónoma, segundo as probas recibidas dos representantes dos falantes, a Lei Galega 2/2009 do 23 de xuño modifica o Artigo 35 da Lei 13/2007 do 27 de xullo (Lei de Función Pública) mencionada no terceiro informe periódico (páxina 541) pola que se suprimiu o requirimento de aprobar un exame de lingua galega para formar parte do persoal de servizos públicos. Abonda con presentar un certificado de educación secundaria que mostre que participaron en cursos de galego.

1003. A nivel da Administración do Estado o Comité de Expertos observa que o Estado ten a posibilidade legal de garantir que unha proporción adecuada do seu persoal localizado nas comunidades autónomas ten un coñecemento funcional da lingua minoritaria ou rexional en cuestión. Con todo, o Comité de Expertos observa que existe aínda unha proporción inadecuada de persoal da administración do Estado que domina o galego, debido á falta dunha política sistemática na contratación e formación do persoal a este respecto.

1004. O Comité de Expertos considera que o obxectivo se cumpriu parcialmente a nivel estatal e que se cumpriu a nivel da Comunidade Autónoma de Galicia.

c o aceptación, na medida do posible, das solicitudes dos empregados públicos que coñezan unha lingua rexional ou minoritaria para que sexan destinados ao territorio no que se emprega esa lingua.

1005. No seu segundo informe de avaliación (parágrafo 1121), o Comité de Expertos non puido chegar a conclusións sobre este obxectivo, pois de novo non se lle presentou ningunha información específica a este respecto e instou as autoridades a volveren sobre o tema no seguinte informe periódico.

1006. Non se proporcionou ningunha información sobre a aceptación deste obxectivo no terceiro informe periódico.

1007. Porén, como o Comité de Expertos non recibiu ningunha queixa con respecto a este obxectivo, considérao cumprido.

Parágrafo 5

As Partes comprométense a permitir o emprego ou adopción de patronímicos nas linguas rexionais ou minoritarias a petición dos interesados.

1008. O Comité de Expertos considerou este obxectivo cumprido na primeira e na segunda roldas de avaliación. Porén, pediu ás autoridades evitar, cando procedese, casos de denegación de cambios de nome.

1009. Segundo a información recibida durante a visita *in situ*, o Artigo 37 da Lei 20/2011 do 20 de xullo sobre os Rexistros Cívís foi corrixido de modo que os rexistros internos (e non só os certificados) son redactados na lingua oficial elixida polo cidadán.

1010. En ausencia de queixas con respecto a este obxectivo, o Comité de Expertos considera que o segue a estar cumprindo.

Artigo 11 – Medios de comunicación

Parágrafo 1

As Partes comprométense, para os usuarios das linguas rexionais ou minoritarias nos territorios nos que se falan as devanditas linguas, segundo sexa a situación de cada lingua, na medida na que os poderes públicos directa ou indirectamente teñan competencias, atribucións ou xoguen un papel neste ámbito, respectando o principio de independencia e autonomía dos medios de comunicación, a:

a na medida na que a radio e a televisión teñan unha misión de servizo público:

i asegurar a creación de, polo menos, unha emisora de radio e unha canle de televisión nas linguas rexionais ou minoritarias;

1011. O Comité de Expertos considerou que este obxectivo se cumprira no seu segundo informe de avaliación, pero expresou a súa preocupación sobre a tendencia negativa da Radio Televisión Pública do Estado (RTVE), que reduciu

considerablemente a súa emisión en galego. A Radio Televisión de Galicia (RTVG) aínda ten unha emisora de radio e unha canle de televisión en galego.

1012. Aínda que a situación no que respecta a RTVE non semella ter mellorado, o Comité de Expertos considera o obxectivo estase cumprido.

b i fomentar e/ou facilitar a creación de, polo menos, unha emisora de radio nas linguas rexionais e minoritarias;

1013. No seu segundo informe de avaliación, o Comité de Expertos consideraba que o obxectivo non se cumprira, aínda que recomendaba ás autoridades o seu apoio facendo aumentar a presenza do galego nos medios de comunicación. A emisión en galego na radio privada era marxinal.

1014. Non se proporcionou ningunha información nova no terceiro informe periódico.

1015. O Comité de Expertos, polo tanto, mantén a súa conclusión previa de que o obxectivo non se cumpriu.

c i fomentar e/ou facilitar a creación de, polo menos, unha canle de televisión nas linguas rexionais e minoritarias;

1016. No seu segundo informe de avaliación, o Comité de Expertos non se atopa en posición de chegar a unha conclusión sobre este obxectivo e instou as autoridades a achegaren información específica sobre como fomentaron e/ou facilitaron a creación de, polo menos, unha canle de televisión en galego no seguinte informe periódico.

1017. No terceiro informe periódico non se fornece ningunha información nova. Segundo fontes non gobernamentais, esas canles de televisión rexionais que reciben axudas están obrigadas a emitir polo menos un 50% da súa programación en galego. Na práctica, así e todo, non chega ao 10%.

1018. Á luz da información recibida, o Comité de Expertos conclúe que o obxectivo non se cumpriu.

d fomentar e/ou facilitar a produción e distribución de obras sonoras e audiovisuais nas linguas rexionais ou minoritarias;

1019. O Comité de Expertos consideraba que este obxectivo se cumprira no seu segundo informe de avaliación, aínda que consideraba que había marxe de mellora.

1020. Segundo as probas recibidas por parte dos representantes dos falantes, as axudas públicas concedidas ao sector audiovisual reducíronse.

1021. Aínda que se considera que o obxectivo segue a estar cumprido, o Comité de Expertos pídelles ás autoridades que fagan observacións sobre este obxectivo no seguinte informe periódico.

e i fomentar e/ou facilitar a creación e/ou mantemento de polo menos un periódico nas linguas rexionais ou minoritarias;

1022. No seu segundo informe de avaliación, o Comité de Expertos consideraba que este obxectivo se cumprira e agardaba unha mellora na súa seguinte rolda de control.

1023. O terceiro informe periódico (páxina 549) expón que a versión dixital do diario *La Voz de Galicia*, o periódico máis vendido en Galicia, se atopa accesible tanto en galego coma en castelán dende o 2006.

1024. Segundo fontes non gobernamentais, as axudas públicas concedidas aos medios de comunicación reducíronse drasticamente. O 28 de xuño de 2011, o único periódico diario en galego, *Galicia Hoxe*, pechou definitivamente debido a razóns económicas e agora só se atopa dispoñible en Internet. Tamén se informou ao Comité de Expertos de que a versión en papel do semanario *A Nosa Terra* deixou de imprimirse en setembro de 2011, que desapareceu igualmente a súa versión electrónica e que *Xornal de Galicia*, que publicaba o 40% dos seus artigos en galego deixou tamén de existir en xullo de 2011, anunciando a fin da súa versión web en decembro. Mesmo algúns dos xornais electrónicos en galego deixaron de publicarse.

1025. Segundo os representantes dos falantes cos que se reuniu o Comité de Expertos na visita *in situ*, a única prensa que aínda se imprime en galego é un xornal gratuíto e mais o mensual *OSil*.

1026. O Comité de Expertos sente preocupación por este desenvolvemento negativo e ten que, polo tanto, revisar as súas conclusións previas e considerar que o obxectivo se cumpriu parcialmente.

Parágrafo 2

As Partes comprométense a garantir a liberdade de recepción directa das emisións de radio e televisión dos países veciños nunha lingua usada de forma similar ou idéntica á unha lingua rexional ou minoritaria, e a non opoñerse á

retransmisión das emisións de radio e televisión dos países veciños na devandita lingua. Así mesmo, comprométense a garantir que non se imporán restricións á liberdade de expresión e á libre circulación da información na prensa escrita nunha lingua empregada de forma idéntica ou similar á unha lingua rexional ou minoritaria. O exercicio das liberdades mencionadas con anterioridade, xa que implica deberes e responsabilidades, pode ser sometido a certas formalidades, condicións, restricións ou sancións previstas pola lei e necesarias nunha sociedade democrática, no interese da seguridade nacional, a integridade territorial ou a seguridade pública, a prevención de infraccións penais, a protección da saúde ou da moral e a protección da reputación e dos dereitos alleos, para impedir a divulgación de información confidencial ou para garantir a autoridade e a imparcialidade do poder xudicial.

1027. No seu primeiro informe de avaliación (parágrafo 961), o Comité de Expertos consideraba este obxectivo cumprido.

1028. Segundo a información a disposición do Comité de Expertos, os programas da televisión de Portugal non se poden ver en España dende o cambio á emisión dixital. O Parlamento portugués aprobou unha iniciativa para recuperar as transmisións.

1029. O Comité de Expertos anima as autoridades a promoveren, por medio dun acordo coas autoridades portuguesas, a recepción dos canais da televisión portuguesa en Galicia.

Parágrafo 3

As Partes comprométense a garantir que os intereses dos falantes das linguas rexionais ou minoritarias estean representados ou tidos en conta dentro dos órganos que se establezan de conformidade coa lei coa responsabilidade de garantir a liberdade e o pluralismo dos medios de comunicación.

1030. Como non se lle facilitou información ao Comité de Expertos nin no primeiro nin no segundo dos informes periódicos, o Comité insta as autoridades a presentaren máis información no próximo informe periódico.

1031. Segundo o terceiro informe periódico (páxina 545), os intereses dos galegofalantes atópanse representados no Consorcio Audiovisual Galego.

1032. O Comité de Expertos considera que o obxectivo se cumpriu.

Artigo 12 — Actividades e servizos culturais

Parágrafo 1

Con respecto ás actividades e servizos culturais —en especial bibliotecas, videotecas, centros culturais, museos, arquivos, academias, teatros e cines, así como traballos literarios e produción cinematográfica, formas vernáculas de expresión cultural, festivais, industrias culturais que inclúan, *inter alia*, o uso das novas tecnoloxías—, as Partes comprométense, no territorio no que se empregan as devanditas linguas e na medida na que as autoridades públicas teñan competencias, atribucións ou un papel neste campo, a:

e promover medidas para asegurar que os órganos responsables de organizar e apoiar as actividades culturais teñan á súa disposición persoal que domine a lingua rexional ou minoritaria en cuestión, así como a(s) lingua(s) do resto da poboación;

f animar á participación directa dos representantes dos falantes dunha determinada lingua rexional ou minoritaria proporcionando os servizos e planificando as actividades culturais;

1033. O Comité de Expertos non puido chegar a unha conclusión sobre o cumprimento destes obxectivos nas últimas dúas roldas de control porque carecía de información. En consecuencia, instou as autoridades españolas a incluíren información específica a este respecto no seu seguinte informe periódico.

1034. Como se mencionou máis arriba, o Consello da Cultura Galega está formado por destacados galegofalantes e aconsella sobre a planificación e a organización das actividades culturais.

1035. O Comité de Expertos considera, en consecuencia, estes obxectivos cumpridos.

g fomentar e/ou facilitar a creación dun organismo ou organismos encargado de recoller, recibir en depósito e presentar ou publicar obras producidas nas linguas rexionais ou minoritarias;

1036. No seu segundo informe de avaliación, o Comité de Expertos concluíu que o obxectivo se cumprira parcialmente e pediu ás autoridades que lle proporcionasen información na seguinte rolda de avaliación sobre a radio, o audiovisual e outros traballos en galego.

1037. As autoridades españolas non achegaron ningunha información a este respecto no terceiro informe periódico.

1038. O Comité de Expertos considera que o obxectivo segue en parte cumprido e insta as autoridades a forneceren información na seguinte rolda de avaliación sobre a radio, o audiovisual e outros traballos en galego.

Parágrafo 2

No que respecta aos territorios distintos daqueles nos que se emprega tradicionalmente as linguas rexionais ou minoritarias, as Partes comprométense, se o número de falantes da lingua rexional ou minoritaria así o xustifica, a autorizar, fomentar e/ou facilitar as actividades culturais correspondentes e os servizos necesarios de conformidade co parágrafo anterior.

1039. Considerouse que este obxectivo se cumprira parcialmente no segundo informe de avaliación. A información sobre os centros achegada polas autoridades españolas refírese maioritariamente á educación e non ás actividades culturais.

1040. Non se achega información a este respecto no terceiro informe periódico.

1041. O Comité de Expertos considera que este obxectivo continúa en parte cumprido e insta as autoridades a forneceren a información pertinente no seu seguinte informe periódico.

Artigo 13 — Vida económica e social

Parágrafo 1

No que respecta ás actividades económicas e sociais, as Partes comprométense, dentro de todo o país, a:

c oporse ás prácticas dirixidas a desalentar o emprego das linguas rexionais ou minoritarias en relación ás actividades económicas e sociais;

1042. Como fontes non gobernamentais na segunda rolda de control chamaron a atención do Comité de Expertos sobre casos de acoso a traballadores por falar galego, o Comité de Expertos considerou que, na ausencia dun plan de acción para evitar esas situacións, o obxectivo estaba parcialmente cumprido. Agarda recibir información no seguinte informe periódico sobre as medidas tomadas a este respecto.

1043. Segundo a información recibida, a situación mellorou. Como mostra do espírito de fomento do galego no sector privado, o terceiro informe periódico (páxina 567) expón que un considerable número de acordos laborais colectivos inclúe cláusulas relacionadas coa promoción da lingua galega, por exemplo o dereito dos traballadores galegos a realizaren a súa actividade profesional en galego e a recibiren formación lingüística.

1044. En ausencia de queixas, o Comité de Expertos considera que, actualmente, este obxectivo se cumpriu.

Parágrafo 2

No que respecta ás actividades económicas e sociais, as Partes comprométense, na medida na que as autoridades públicas teñan competencias, no territorio no que se empregan as linguas rexionais ou minoritarias e na medida na que sexa razoablemente posible, a:

a incluír nos seus regulamentos financeiros e bancarios disposicións que permitan, por medio de procedementos compatibles cos usos comerciais, o emprego das linguas rexionais ou minoritarias na redacción de ordes de pagamento (cheques, letras de cambio) ou outros documentos financeiros ou, no seu caso, garantir a aplicación das devanditas disposicións;

1045. No seu segundo informe de avaliación, o Comité de Expertos consideraba que o obxectivo se cumprira en parte. A pesar dos encomiables esforzos realizados por algunhas entidades bancarias, como *Caixa Galicia* e *Caixanova*, na gran maioría dos casos os documentos financeiros e bancarios non se encontran accesibles en galego. Ademais, non existía regulación ningunha.

1046. No terceiro informe periódico non se achega ningunha información nova.

1047. O Comité de Expertos mantén a súa conclusión previa de que o obxectivo se cumpriu parcialmente.

b nos sectores económicos e sociais baixo o seu control directo (sector público), realizar accións que fomenten o emprego das linguas rexionais ou minoritarias;

1048. No seu segundo informe de avaliación, o Comité de Expertos consideraba que non se cumprira este obxectivo. Instaba ás autoridades españolas a aclararen que sectores económicos e sociais se encontraban baixo

control directo das autoridades centrais e das autoridades galegas no seu seguinte informe periódico.

1049. As autoridades non responderon esta petición no seu terceiro informe periódico.

1050. O Comité de Expertos considera que este obxectivo segue estando incumprido.

c asegurar que os servizos sociais como hospitais, residencias de anciáns e albergues ofrecen a posibilidade de recibir e atender na súa propia lingua empregando unha lingua rexional ou minoritaria a aqueles que precisen coidados por mor da enfermidade, a idade ou outras razóns;

1051. Este obxectivo considerouse parcialmente cumprido no segundo informe de avaliación.

1052. Non se proporcionou nova información no terceiro informe periódico. Segundo fontes non gobernamentais, existe aínda a dificultade de recibir tratamento ou servizos en galego nos hospitais e nos servizos sociais. Reclaman tamén que moitos rótulos dos hospitais públicos e dos servizos sociais están, de feito, en castelán.

1053. A Lei 2/2009 de xuño que modifica a Lei 13/2007 do 27 de xullo (Lei de Servizos Públicos) mencionada máis arriba no parágrafo 1001, e que suprime o requisito de aprobar un exame de galego ao persoal dos servizos públicos, tamén se aplica ao persoal médico (ver páxina 568 do terceiro informe periódico).

1054. O Comité de Expertos conclúe que este obxectivo continúa parcialmente cumprido. Insta as autoridades a promoveren que os servizos sociais ofrezan a posibilidade aos falantes de galego de ser recibidos e tratados na súa lingua.

d asegurar cos medios apropiados que as instrucións de seguridade se atopen tamén redactadas nas linguas rexionais ou minoritarias;

1055. No segundo informe de avaliación, considérase de novo o obxectivo non cumprido, xa que non se proporcionou información con respecto ás instrucións de seguridade.

1056. Novamente, non se proporcionou información a este respecto no terceiro informe periódico. O Comité de Expertos, como consecuencia, conclúe que este

obxectivo segue a estar non cumprido. Insta as autoridades a incluíren información pertinente no seu seguinte informe periódico.

Artigo 14 – Intercambios transfronteirizos

As Partes comprométense a:

a aplicar os acordos bilaterais e multilaterais que os vinculan co Estado no que se emprega a mesma lingua de maneira idéntica ou similar ou, se fose necesario, buscar a conclusión dos devanditos acordos, de tal xeito que se poidan favorecer os contactos entre os falantes da mesma lingua nos Estados correspondentes nos eidos da cultura, a educación, a información, a formación profesional e a educación continua;

1057. No seu segundo informe de avaliación (parágrafo 1195), o Comité de Expertos instou as autoridades a achegaren información no seguinte informe periódico sobre se existiran tentativas de establecer unha cooperación interestatal entre España e Portugal en beneficio de Galicia.

1058. Da información dispoñible no terceiro informe periódico, non semella que se realizasen as tentativas da devandita cooperación interestatal.

1059. Porén, o Comité de Expertos é consciente dos esforzos levados a cabo polas autoridades españolas no contexto da Unión Europea, onde as linguas cooficiais gañaron un estatus especial tomando como base os acordos pactados con varias institucións europeas. Os falantes de todas as linguas cooficiais poden empregalas na comunicación coas institucións da UE (ver parágrafo 183 do primeiro informe de avaliación e parágrafo 190 do segundo informe de avaliación). O Comité de Expertos eloxia as autoridades pola promoción neste eido.

1060. Á vista de toda a información dispoñible, o Comité de Expertos considera que o obxectivo se cumpriu. O Comité de Expertos anima as autoridades a proseguiren cos acordos bilaterais cos países nos que se falan as mesmas linguas ou unha similar.

b en beneficio das linguas rexionais ou minoritarias, facilitar e/ou promover a cooperación a través das fronteiras, en particular entre as autoridades locais ou rexionais en cuxo territorio se fala a mesma lingua de maneira idéntica ou similar.

1061. No seu segundo informe de avaliación, o Comité de Expertos consideraba este obxectivo cumprido, aínda que entendía por comentarios recibidos que había marxe de mellora en termos prácticos.

1062. Non se ofreceu máis información con respecto a este obxectivo no terceiro informe periódico. O Comité de Expertos pídelles ás autoridades que proporcionen información sobre o progreso deste obxectivo no próximo informe periódico.

4.1. Conclusións do Comité de Expertos na terceira rolda de supervisión

- A. O Comité de Expertos exprésalles o seu agradecemento ás autoridades españolas pola súa cooperación durante esta terceira rolda de supervisión, especialmente durante a visita *in situ* e na achega de información substancial e pertinente no seu informe periódico. Por vez primeira, a información foi axuntada tamén en relación coa aplicación da Carta con respecto aos idiomas da Parte II da Carta.

- B. As achegas de asociacións non gobernativas, especialmente as relativas á implantación práctica de varias normas legais, axudaron o Comité de Expertos a conseguir un mellor e máis completo debuxo da situación.

- C. O Comité de Expertos eloxia as autoridades españolas polo seu elevado nivel de compromiso e continuos esforzos para protexeren e promoveren cadansúas linguas rexionais e minoritarias a través da lexislación e de medidas prácticas, non só a nivel das Comunidades Autónomas senón tamén a nivel Estatal. Adoptáronse un gran número de leis na procura dunha mellora da lexislación establecida e poñendo de manifesto en xeral o carácter multilingüe de España. Na práctica tamén moitas das tarefas englobadas na Carta están acadadas.

Comentarios Xerais

- D. O Comité de Expertos observa algúns avances na estrutura dos informes en comparación co segundo informe. Non obstante, a información achegada puido ter sido compilada dunha maneira máis concisa, coherente e específica. A versión traducida do informe periódico retrasouse durante varios meses coa consecuencia de que, no momento en que o Comité de Expertos o recibiu, algunha información era xa obsoleta.
- E. A creación do Consello de Linguas Oficiais na Administración Xeral Estatal é un paso alentador de cara a facilitar a coordinación entre os ministerios do Estado e tamén as Comunidades Autónomas, así como para mellorar a visibilidade das linguas minoritarias ou rexionais no Estado.
- F. Porén, na responsabilidade Estatal, algúns dos problemas identificados en roldas de supervisión anteriores aínda persisten, especialmente en relación co uso de linguas cooficiais perante órganos xudiciais e administrativos do Estado. En relación co anterior, a lexislación sobre o dereito a que os procedementos sexan seguidos na lingua pertinente non cambiou, e os problemas estruturais na implantación do Artigo 9 permanecen, a pesar dunha posible interpretación favorable do Artigo 231 da Lei Orgánica do Poder Xudicial. O mérito actual e o sistema de rotación dos xuíces asociado coas leis en vigor non aseguran que na práctica se poidan seguir ante os tribunais os procesos nas linguas cooficiais.
- G. O uso de linguas rexionais ou minoritarias perante a Administración Estatal vese aínda dificultada en ocasións pola falta de persoal que utilice a lingua pertinente, aínda que a situación é considerablemente distinta nos Ministerios e nas diferentes ramas da administración periférica do Estado. Os servizos públicos de competencia estatal padecen deficiencias similares, especialmente aqueles que proporcionan servizos en todo o país. Hai unha necesidade dunha política coherente e sistemática e unha aproximación estratéxica ós servizos na lingua minoritaria ou rexional para que os usuarios non se vexan disuadidos ó utilizaren a súa lingua nestes organismos.

- H. A cooperación entre as comunidades autónomas onde se fala a mesma lingua ou unha lingua similar aínda é problemática en determinados eidos, tales como educación e os medios de comunicación, en detrimento das linguas afectadas. É necesario un senso de responsabilidade compartida para a protección das linguas en cuestión. A cooperación tamén necesita ser mellorada entre as oficinas locais da Administración do Estado, situadas nas diferentes comunidades autónomas, especialmente onde se fala a mesma lingua ou unha lingua similar.
- I. No eido da educación, algunhas comunidades autónomas con linguas cooficiais introduciron ou están en proceso de introducir a educación trilingüe. A oferta deste modelo non debería afectar negativamente á provisión actual de educación nas linguas minoritarias ou rexionais, incluíndo a súa promoción e estrutura de apoio. Por outra banda, para moitas linguas hai unha falta de informes que avalíen as medidas adoptadas e o progreso acadado no ensino medio en lingua minoritaria ou rexional.

-

Polo que se refire ás linguas individuais da Parte III

J. **Catalán en Cataluña.** En Cataluña a lingua catalá continúa gozando dun apoio excelente por parte das autoridades locais e rexionais e, en consecuencia, moitas das tarefas da Carta están acadadas dunha maneira eloxiable. O Estatuto de Autonomía de 2006 foi cuestionado perante o Tribunal Constitucional, pero a súa decisión non parece presentar un atraso para a implantación da Carta, especialmente con respecto á educación na medida en que España optou polo máis alto nivel de compromiso, segundo o artigo 8. No campo xudicial, a tradución de textos regramentarios anteriores a 1998 agora está completa. Aínda existen algunhas deficiencias no eido dos servizos sanitarios onde se precisan máis esforzos para preparar o persoal médico en catalán.

K. **Vasco en Navarra.** A lingua vasca en Navarra viuse afectada por desenvolvementos positivos significativos dende que as autoridades aseguraron o Modelo D de educación tamén na “Zona mixta” de Navarra. Ao mesmo tempo, as autoridades están a considerar a introdución do inglés en tódolos niveis de educación, pero isto non debería pór en perigo a oferta da educación media vasca segundo a Carta. Tamén se observan cambios positivos no uso do vasco pola administración rexional e na cultura, especialmente en relación co establecemento e funcionamento de *Euskarabidea*, un organismo público cuxas competencias cobren un amplo rango de responsabilidades relacionadas coa promoción do idioma vasco. As actividades económicas e a provisión de

servizos de saúde en éuscaro seguen a ser, con todo, insatisfactorios. A sinatura dun protocolo co Goberno Vasco en 2009 non conduciu a unha colaboración importante na práctica, agás no eido da educación adulta. A devandita cooperación semella ser particularmente necesaria no eido dos medios de comunicación, especialmente en relación coa recepción da televisión pública ETB.

L. Vasco na Comunidade Autónoma Vasca. O éuscaro no País Vasco continúa cuberto por medidas positivas en moitos eidos para que unha maioría de tarefas da Carta se acaden dun xeito exemplar. Persisten problemas no sector da saúde e da seguridade social debido á baixa proporción de persoal con dominio da lingua.

M. Catalán nas Illas Baleares. En termos xerais, o Comité de Expertos observa un incremento da cooperación con Cataluña para beneficio do catalán. Así e todo, no eido da educación a oferta de educación en catalán non se corresponde coas tarefas marcadas na Carta. No eido dos medios de comunicación, a emisión de televisión pública en catalán afronta un descenso.

N. Valenciano. No eido da educación, a oferta de educación en valenciano non é suficiente, incluíndo a formación profesional, e a continuidade entre a educación primaria e a secundaria precisa ser mellorada. A oferta de ensino de valenciano na zona de fala predominantemente castelá é satisfactoria. Polo que se refire aos medios de comunicación, o problema de retransmisión da canle pública TV3 de Cataluña non se resolveu. Ademais, existen defectos na radio privada e na emisión de televisión, así coma na prensa.

O. Galego. A lingua está amplamente presente na vida pública, incluíndo as administracións locais e rexionais. No eido da educación, o Comité de Expertos está preocupado por unha redución gradual do ensino en galego en todos os niveis, incluíndo a súa estrutura de apoio. Polo que respecta ós medios de comunicación, non hai radio nin canle de televisión en galego privadas. Xa non hai xornais impresos en galego, só quedan dous en formato electrónico.

P. Aranés. O cambio legislativo máis significativo nesta rolda de supervisión amosa o novo *status* do Aranés, segundo o Estatuto de Cataluña, que se converte por tanto noutra lingua cuberta pola Parte III da Carta. Amosa a dedicación das autoridades españolas e catalás de daren o máis alto nivel de protección a esta lingua, aínda que a implantación da Carta segue en curso.

Sobre as linguas que unicamente están cubertas pola Parte II da Carta

Q. Aínda non se teñen estatísticas oficiais en relación ó número de usuarios de linguas minoritarias ou rexionais que non son cooficiais en España. Deberían darse pasos pragmáticos para recoller, en cooperación cos falantes, datos fiables sobre o número e distribución xeográfica de falantes das linguas rexionais ou minoritarias.

R. **Asturiano.** O nivel de protección do asturiano proporcionado polo Estatuto de Autonomía de Asturias non cambiou, nel o asturiano non se converteu nunha lingua cooficial. Porén, as autoridades rexionais de Asturias teñen un compromiso que vén de antigo para promover o idioma asturiano que está presente na educación, administración pública e medios de comunicación.

S. **Aragonés e Catalán en Aragón.** A Lei 10/2009 de 22 de decembro sobre uso, protección e promoción das linguas nativas de Aragón garántelles ós falantes de aragonés e catalán o dereito a usar o seu respectivo idioma nos seus eidos tradicionais, especialmente na relación con autoridades públicas e na educación. Aínda non existe acordo por escrito sobre o aragonés, e isto dificulta o seu uso público, especialmente na educación.

T. **Galego asturiano.** As autoridades asturianas emprenderon algunhas medidas para o beneficio do idioma incluíndo o recoñecemento da súa clara identidade. A oferta da lingua como materia na educación está dispoñible.

P. **Galego en Castela e León e en Extremadura.** Leváronse a cabo algúns cambios positivos na promoción práctica do idioma, incluíndo educación e letreiros. Aínda se precisan máis medidas de promoción para o galego nos medios de comunicación e na vida pública en xeral.

Q. **Leonés.** A lingua leonesa menciónase por primeira vez no terceiro informe periódico. Forma unha unidade lingüística co asturiano e co mirandés. O leonés recoñécese no Estatuto de Autonomía de Castela e León de 2007. Con todo, as autoridades rexionais, ata o de agora, non adoptaron ningunha norma para a protección e promoción do leonés derivada do Estatuto, nin tampouco adoptaron ningunha medida práctica para protexer o idioma.

Galego asturiano

138. Nas dúas roldas de supervisión anteriores, o Comité de Expertos non puido determinar se as autoridades estaban a tomar accións decididas, en particular no eido da educación, debido á falta de información. Polo tanto, o Comité de Expertos instou ás autoridades á adopción de accións decididas para o

apoio do galego asturiano e a forneceren información no seguinte informe periódico sobre as medidas tomadas.

139. Aínda que non semella que se acadase ningunha acción decidida, as autoridades informan sobre medidas adoptadas con respecto ao galego asturiano.

Galego en Castela e León e en Estremadura

140. No seu segundo informe de avaliación, o Comité de Expertos eloxiou as autoridades tanto da Comunidade Autónoma de Castela e León como de Galicia pola promoción do galego na educación nun acordo e alentou ás autoridades de Castela e León a tomar unha acción decidida noutros eidos da vida pública. O Comité de Expertos animou as autoridades para achegar información sobre as accións decididas adoptadas en relación co idioma galego en Estremadura.

141. Tal información non foi fornecida no terceiro informe periódico, aínda que as autoridades informan sobre algúns proxectos sobre o galego que contan co apoio das autoridades rexionais de Estremadura (ver parágrafos 172-173, e 205 abaixo). O comité de expertos anima as autoridades a adoptaren máis accións decididas para a promoción do idioma galego en Estremadura e a informaren sobre as medidas tomadas no vindeiro informe periódico.

Recomendación Número 6:

“Aclarar o seu estado, e onde sexa adecuado adoptar medidas, en cooperación cos falantes, para protexer e promover os seguintes idiomas: galego en Castela e León, portugués na cidade de Olivenza, tamazig na Cidade Autónoma de Melilla e o árabe na Cidade Autónoma de Ceuta”.

- a) O galego aparece no Artigo 4 do Estatuto de Autonomía de Castela e León como un idioma protexido e, polo tanto, entra no ámbito da Parte II da Carta.
- b) Do mesmo xeito que para os outros idiomas, as autoridades teñen facilitado algunha información sobre eles, pero non é suficiente para permitir unha avaliación sobre se poden ser cualificados como idiomas rexionais ou minoritarios tal e como son definidos segundo a Carta.
- c) Do mesmo xeito que para o portugués, en particular no referente ó número e distribución dos falantes de portugués, non é suficiente para avaliar adecuadamente se o portugués en Castela e León e Estremadura é un idioma que deba ser cuberto pola parte II da Carta.

Galego asturiano

121. No seu segundo informe de avaliación, o Comité de Expertos instou as autoridades a recoñeceren a autoridade do galego asturiano promocionando o idioma e a cultura que representa.

122. A información suplementaria achegada polas autoridades asturianas ó Comité de Expertos amosa que a través das medidas adoptadas polas autoridades asturianas e a Academia de la Llingua Asturiana está recoñecida a definida identidade do galego asturiano.

Galego asturiano

163. No segundo informe de avaliación, o Comité de Expertos instou as autoridades a tomaren medidas para facilitar e alentar o uso do galego asturiano na vida pública e a achegaren información sobre as accións levadas a cabo para incrementar a presenza e a visibilidade do idioma na vida pública.

164. Sobre a presenza do galego asturiano nos medios de comunicación hai subvencións dispoñibles para os medios de comunicación informativos que promocionen o asturiano na vida social e, no seu contexto, do galego asturiano. No momento do informe periódico, un programa de televisión e un programa de radio en galego asturiano eran subvencionados, aínda que segundo os representantes dos falantes cos que o Comité de Expertos se reuniu durante a visita *in situ*, o galego asturiano non se emprega nos medios de comunicación. As canles de radio de Galicia poden ser recibidas no entorno da fronteira Eo-Navia. Dende o cambio dixital, en 2010, non hai acceso gratuíto á televisión dixital terrestre dende Galicia.

165. As autoridades tamén informan de que en 2007, a Academia de la Llingua Asturiana publicou uns Criterios de Ortografía para o galego asturiano, baseados nos criterios ortográficos e morfolóxicos previamente propostos polo Goberno de Asturias en 1993. Estes criterios son usados, polo xeral, no galego asturiano escrito, por exemplo na denominación dos lugares. O Comité de Expertos agradece esta información. Non se elaborou aínda un dicionario normativo.

166. Os documentos poden ser remitidos aos organismos administrativos en galego asturiano, a comunicación vese facilitada a través dunha unidade de interpretación, dependente da Dirección Xeral de Política Lingüística. Ademais, abríronse dúas oficinas para a coordinación de actividades culturais e sobre idiomas, cubrindo por enteiro a zona na que se fala o galego asturiano. Algunhas autoridades locais crearon unha oficina de Normalización Lingüística ou Servizo.

167. O terceiro informe periódico afirma que nos municipios da Terra Eo-Navia onde se fala o galego asturiano, o galego está apoiado a través da publicación de

traballos literarios, obras teatrais, o uso por parte das empresas, nos medios de comunicación locais e nas actividades de asociacións culturais.

Galego en Castela e León

168. O Comité de Expertos careceu de información nas dúas roldas de supervisión previas sobre as medidas de promoción do uso do galego en Castela e León na esfera pública. Alentou, polo tanto, as autoridades a forneceren esta información no seguinte informe periódico.

169. Segundo a información achegada no terceiro informe periódico, unha asociación en Castela e León promove o galego a través dunha serie de actividades nas áreas cultural e educativa, polas que percibe apoio financeiro por parte das autoridades galegas. A radio dende Galicia pode ser recibida nas dúas *comarcas*². Dende o cambio dixital xa non está garantida a recepción da televisión galega. O galego emprégase moi pouco na prensa escrita. Segundo organizacións non gobernamentais, o galego nos medios de comunicación non está apoiado polas autoridades de Castela e León. O uso do galego polas autoridades locais é inexistente ou ten menor importancia.

170. O Comité de Expertos anima as autoridades a estableceren medidas para facilitar e promocionar o uso do galego na vida pública.

Galego en Estremadura.

171. O Comité de Expertos careceu de información nas dúas roldas de supervisión anteriores sobre as medidas adoptadas para a promoción do uso do galego en Estremadura na esfera pública. Polo tanto, animou as autoridades a proporcionaren esta información no seguinte informe periódico.

172. Sobre a situación en Estremadura, no seu terceiro informe periódico, as autoridades españolas achegan información sobre unha resolución das autoridades de Estremadura do 21 de novembro de 2008 que aproba a creación dun Museo sobre “A Fala” galega en San Martín de Trevello. O Comité de Expertos agradece esta información e pídelles ás autoridades que informen sobre o seu desenvolvemento no seguinte informe periódico.

173. En Estremadura erguéronse paneis indicativos bilingües nas rúas e as autoridades empregan signos informativos bilingües. Representáronse obras teatrais en galego. As autoridades tamén recoñecen que o galego en Estremadura non está presente nos medios, tampouco naqueles que se emiten dende a Comunidade Autónoma de Galicia. O uso do galego polas autoridades locais é inexistente ou de menor importancia.

² Trátase do galego do Bierzo (León) e das Portelas e Calabor (Zamora).

174. O Comité de Expertos anima as autoridades a estableceren as súas medidas para promocionar o uso do galego na vida pública.

Galego asturiano.

198. No seu último informe de avaliación, o Comité de Expertos urxiu as autoridades pertinentes a pronunciárense sobre esta disposición e a aclararen se os cursos de idiomas son impartidos en galego asturiano. Tamén pediu información sobre o desenvolvemento dos libros de texto.

199. Segundo o terceiro informe periódico, todas escolas na rexión onde se fala o galego asturiano están obrigadas a ofertar o galego asturiano como materia, como parte integral do currículo. Os alumnos poden optar libremente por este curso. Mentres o Goberno do Principado oferta algún apoio na organización destes cursos e na posterior formación dos mestres, non semella que se elaborasen os libros de texto.

200. Segundo a información fornecida polas autoridades asturianas, dende 2004-2005 houbo unha oferta de galego asturiano. Hoxe en día, máis do 40% dos colexios de primaria ofertan galego asturiano e máis do 20% do alumnado asiste a estas clases. Máis do 80% dos colexios de secundaria ofrécena e asisten ás clases máis do 13% do alumnado.

201. Dende o verán de 2011, a Universidade Asturiana de Verán (*Universidá Asturiana de Branu - UABRA*) oferta cursos de formación oficiais para profesores de galego asturiano.

202. O Comité de Expertos agradece esta información e anima as autoridades a elaboraren libros de texto adecuados.

Galego en Castela e León e en Estremadura

203. No último informe de avaliación, o Comité de Expertos eloxiou as autoridades galegas polas medidas adoptadas para aseguraren o ensino do galego fóra de Galicia, mesmo considerando que quedaba espazo para a mellora, en particular no nivel de educación secundaria en Castela e León. Urxiu as autoridades a proporcionaren información sobre o Galego en Estremadura no seguinte informe periódico.

204. Do mesmo xeito que para o galego en Castela e León, segundo o terceiro informe periódico, asinouse en 2010 un novo Protocolo Xeral de Colaboración entre o Goberno de Galicia e a Comunidade de Castela e León, como continuación do anterior de 2006, para a promoción do galego en territorios fronteirizos das Comunidades Autónomas. Dentro deste marco, o galego será promocionado nas

institucións de educación non universitaria. A través de Ordes adoptadas en 2005 e 2007 respectivamente, no primeiro ciclo do ensino secundario e no ensino secundario superior ofértanse cursos opcionais sobre lingua e cultura galegas. As escolas ofrecen a opción de escoller unha materia en galego en lugar de en castelán (Medio Ambiente ou Artes e Oficios en primaria, e Ciencias Sociais nas escolas de educación secundaria superior). En 2010/2011, en preescolar e na escola primaria, asistiron ás clases de idioma galego 820 alumnos, 131 alumnos na escola secundaria. Na práctica estes cursos son impartidos no Bierzo, cunha demanda crecente en conxunto. En Zamora, unha escola de educación primaria oferta materias en galego.

205. En relación a Estremadura, o galego como materia non semella ser impartida con regularidade. Así e todo, segundo o terceiro informe periódico, o proxecto “A fala na escola” desexa, entre outras cousas, a integración do galego no currículo regular nos tres municipios. O Comité de Expertos agradecería máis información sobre o desenvolvemento deste proxecto no vindeiro informe periódico. O terceiro informe periódico afirma que en colaboración coa Comunidade Autónoma de Galicia, a Universidade de Estremadura mantén un Centro de Estudos de Galego dende 1999. En xullo de 2007, as universidades de Estremadura e de Vigo organizaron un curso de verán en San Martiño de Trebello.

Galego asturiano

210. Segundo o terceiro informe periódico, en colaboración co Goberno do Principado de Asturias, as autoridades locais organizan cursos de idiomas en galego asturiano para funcionarios públicos, xornalistas e público en xeral.

Galego en Castela e León e en Estremadura

211. Segundo o terceiro informe periódico, a Escola Oficial de Idiomas de Ponferrada, en León, oferta cursos de idioma galego a diferentes niveis, aos que asisten 65 estudantes no momento do informe. O Comité de Expertos non recibiu ningunha información sobre cursos de galego para os non falantes en Estremadura.

Galego asturiano

223. Os estudos e investigacións sobre o galego asturiano foron levados a cabo e publicados ó longo do anos. A Academia de la Llingua Asturiana é a autoridade responsable da planificación lingüística do galego asturiano, ademais do asturiano. En 2007, a Academia publicou regras ortográficas para o galego asturiano: http://www.academiadelalingua.com/pdf/normas_gallego.pdf

Galego en Castela e León e en Estremadura

224. Segundo o terceiro informe periódico un bo quiñón da investigación sobre

o galego na periferia limítrofe foi levada a cabo pola Universidade de Vigo en Galicia.

233. Por outra banda, aínda existe unha falta de tolerancia por parte dalgunhas autoridades rexionais e locais, como tamén por parte dun amplo sector da sociedade con respecto ás linguas rexionais ou minoritarias que non son cooficiais ou que se falan en zonas limítrofes ou remotas. Esta falta de recoñecemento prexudica á protección destes idiomas. O Comité de Expertos volve insistir na necesidade, dentro dalgunhas Comunidades Autónomas, de promover a tolerancia con respecto ás minorías lingüísticas e en relación á base multilingüe destas comunidades, especialmente polas respectivas autoridades rexionais.

Galego asturiano

244. Dado que non foi fornecida información referente a este idioma nas dúas primeiras roldas de supervisión, o Comité de Expertos urxiu as autoridades españolas a achegaren a devandita información no seu terceiro informe periódico.

245. Non foi fornecida ningunha información no terceiro informe periódico.

Publicado en galego o 8 de novembro de 2012

[ProLingua](#)

